

MEMORIA XUSTIFICATIVA - DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA NO ANO 2024

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante financiaranse os gastos derivados das accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade para o financiamento do desenvolvemento do programa de actividades da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, tendente á promoción da participación dos nenos e nenas en todos os ámbitos da sociedade e de xeito especial no deseño e toma de decisións das medidas que inciden directamente na súa calidade de vida e no respecto dos seus dereitos, así como ao fortalecemento das estruturas democráticas e da sociedade civil galega mediante o apoio, a creación e consolidación de coordinadoras ou redes de traballo a prol da infancia, e deste xeito procurar a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención de menores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

A Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia a través do programa de actividades recollido no convenio pretende:

- O mantemento e consolidación dos grupos de traballo para favorecer a participación das entidades que conforman a Plataforma nos ámbitos de incidencia política, sistema de protección, participación infantil e comunicación.



- O acompañamento ás entidades interesadas no ingreso na plataforma, facilitando accións en rede e as coordinacións do terceiro sector da infancia galega.
- A coordinación e apoio ás accións da Plataforma de Infancia estatal, mediante a comunicación das accións estatais en materia de infancia e adolescencia ás entidades membro, participación nos Grupos de Traballo da Plataforma de Infancia estatal en diversas materias e o establecemento de accións conxuntas co resto da plataforma de infancia autonómicas.
- A Mellora da situación da infancia de cara ás eleccións autonómicas, mediante a preparación dun documento con propostas electorais de cara á mellora da situación da infancia en Galicia, así como visibilizar as propostas electorais aos grupos parlamentarios e poboación en xeral.
- A realización de accións que contribúan a difundir o coñecemento da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e á adolescencia fronte á violencia no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, a adaptación de guías sobre a dita lei e ao mantemento da colaboración coa Valedora do Pobo para incidir na mellora dos dereitos da infancia e adolescencia, coordinando un acto polo Día da Infancia reivindicativo dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia.
- A implementación do programa "Coñecer para protexer" a través do cal se realizan capacitacións a técnicos/as de entidades sobre métodos para xestionar posibles condutas violentas nos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, coa finalidade de crear espazos seguros e libres de violencia.
- A posta en marcha de procesos participativos con nenos, nenas e adolescentes sobre a violencia e canles de denuncia.
- A promoción dunha declaración institucional polo Día da Infancia no Parlamento galego, así como a realización dunhas xornadas colaborativas entre a POIG e a universidade para dar a coñecer os dereitos da infancia e adolescencia.
- O seguimento á evolución dos indicadores de pobreza infantil en Galicia mediante a elaboración e presentación dun informe sobre pobreza infantil e adolescente centrándose na evolución dos datos en Galicia.
- Continuar coa mesa de diálogo entre as entidades que constitúen a Plataforma e a Xefatura de Servizo de Protección de Menores da Xunta por medio da recompilación e traslado das necesidades atopadas no sistema de protección á infancia, o apoio á Xunta de Galicia para a revisión de protocolos e circulares sobre temáticas do sistema de protección da infancia, así como o apoio na elaboración do decreto polo cal se regulará o acollemento residencial, o acollemento familiar e a atención de día e a elaboración de propostas para o Primeiro Plan de Acollemento Familiar de Galicia da Xunta.



- O fortalecemento do Grupo de Participación Infantil e Adolescente da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, mediante a celebración de reunións presenciais e online nas cales se reflictan as súas demandas.
- O apoio nas coordinacións cos nenos, nenas e adolescentes do grupo nomeados/as vogais do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia.
- A realización dun acto central conmemorativo do Día Internacional da Infancia (20N) e de varios actos conmemorativos descentralizados en distintas provincias.
- Accións de voluntariado social na entidade de cara á mellora dos dereitos da infancia e adolescencia galega, mediante a implementación do programa "Promoción do Voluntariado: móvete polos dereitos da infancia e adolescencia".
- A actualización da web da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia e dos diferentes perfís en redes sociais (Facebook, Twitter, Youtube e LinkedIn), centrados na difusión dos dereitos da infancia e adolescencia de Galicia, así como a elaboración de pezas informativas sobre as entidades membro para publicar na web e nas redes sociais.
- A participación activa na campaña da X Solidaria de Galicia.
- A creación dun boletín bimensual destinado ás entidades que traballan a prol da infancia e outros actores interesados sobre novas de infancia.
- O asesoramento ás entidades na creación e participación de programas de participación infantil.
- O mantemento dun espazo seguro na rede para a participación e asociacionismo de mozos e mozas a través dos seguintes programas:
 - a) "Redeiros: os dereitos da infancia na rede": programa destinado a centros educativos concellos, bibliotecas e entidades con adolescentes de Galicia.
 - b) "Dereitos da Infancia: aprenden e participan nos seus dereitos": programa destinado a centros educativos, concellos, bibliotecas e entidades de infancia de Galicia, no que se desenvolven actividades de participación infantil que responden ás demandas dos nenos, nenas e adolescentes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, e a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, comprometida institucionalmente coa infancia, son conscientes da especial vulnerabilidade das persoas menores dada a súa inmadurez física e mental, e da necesidade de manter actuacións tendentes á protección e promoción dos dereitos da infancia, recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989. Para ambas partes é obxectivo prioritario, a consecución do benestar das persoas menores e consideran imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas e privadas para lograr un servizo máis eficaz na atención deste colectivo.



Así mesmo considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, potenciando este tipo de actuacións dirixidas a sensibilizar á sociedade galega para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 -en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas características, con persoal especializado e atención en todo o territorio. Consonte o anterior estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência de ofertas xa que o seu obxecto non se corresponde con ningún dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e polo tanto xustifícase a formalización dun convenio de colaboración para a súa execución.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso, no que o interese prioritario é a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos dereitos da infancia.

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia é a única entidade que pode realizar este programa dada a ampla representatividade que lle outorgan as organizacións que se integran nela. De feito, en virtude desta representatividade, a dirección xeral competente en materia de infancia mantén un diálogo constante coa Plataforma para recibir as suxerencias do terceiro sector.

Este convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024.



Non obstante, os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

O orzamento por todo o período previsto é de 40.000,00 €.

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

